

A maior parte dos temas tratados era relativos aos servizos centrais. Os temas que afectan a unidades en Galicia son os seguintes:

Concursos de traslados: de momento non hay ningunha convocatoria prevista. No caso de MUFACE, reunírase o luns 14 a comisión de valoración do concurso convocado específico que se publicou o 19 de xullo. A previsión é que se resolva en breve.

Os únicos concursos previstos proximamente son un para a Subsecretaría e outros dous (un xeral e outro específico) para o Ministerio.

Produtividade: Muface xa pediu aumento de crédito para produtividade vinculado ás novas incorporacións que vai ter a través da OEP.

Axencia Española de Supervisión da Intelixencia Artificial (AESIA): A cobertura de postos nesa Axencia é un desmadre. A CIG denunciou a falta de información pois non se nos contestou ao escrito presentado en xuño pedindo información sobre o cadro de persoal, cobertura de postos...

A día de hoxe, o sistema de cobertura que están usando (o cadro de persoal aínda non se coñece) é totalmente arbitrario. Uns postos se cubren mediante libre designación e outros, convocados a través do portal funciona, os van cubrir por adscrición provisional unha forma que non se pode usar neste caso. A CIG denunciará este sistema.

Tamén informaron de que como non van poder cubrir todas as vacantes publicadas no portal funciona, porque moitos ministerios non deixan saír ao seu persoal. Convocarán un concurso de traslados pero non sabemos cando.

Implantación dos intervalos de niveis establecidos na disposición transitoria sexta do RD Lei 6/2023 (niveis mínimos por grupos). Función Pública aínda non rematou o traballo.